NOTA: Para facilitar a impressão a tamanho real em DIN A, a folha dividiu-se também horizontalmente

V. também na mesma publicação: 19840608fdv180.pdf

retratos

Carballo Calero

M. TERESA OTERO SANDE

Carballo Calero é un pacífico cruzado da Cultura Galega, pequeno de tamaño pero grande de ánimo, que vai polos mundos explicando aos catro ventos a verdade.

A sua causa non sempre foi comprendida. Por ela sufriu pesecución pola xusticia, i en estúpida conxura de nescios foi ignorado e menospreciado. Pero él non vacilou. Parapetado tras da cátedra seguiu arborando bravamente a bandeira de Galicia, desaparecido para sempre o sorriso do seu rostro ante semellante arbitrariedade.

Aló polo 1910, as fadas acudiron ao seu berce de lenzo fino bordado en branco e azul.

–" Ser has laico sacerdote- dixeron nun murmurio-. A misión que te asignamos é a de ensinar a quen non sabe. A tu, ser ha, voz de poeta".

Tan clara misión recibida, escomenzou pacientemente a tarefa endexamais interrumpida.

Para cumplir co destino que lle tiña sido encomendado colouse na primeira biblioteca que atopou, da que non saiu hastra que todos os libros que contiña pasaron ao seu maxín. Visitou outra despois, e outra máis, até que xa non quedaron bibliotecas. Foi entón cando, facendo aceno de esclarexar a gorxa, catapultouse na tribuna dos oradores e rompeu a falar. E un regueiro de xentes encamiñouse aló de todas partes para oilo.

Escoitando a Don Ricardo o onte faisa hoxe. Unha calquera das suas conferencias é a recuperación en tempo lento do sosego e da serenidade dos ancestros, perdidos no longo da memoria e xenerosamente oferecidos co gosto antigo do viño vello. A maxia do falar pausado e cadencioso e a rexa personalidade de vello sabio convirten o acto en ceremonia ritual de reencontro coa historia.

Os que teñen a fortuna de escoitar a Don Ricardo permanecen en embelesado silencio presos do seu verbo, esquencidas robótica e informática, enfeitizados polo anacronismo revitalizador dun tempo no que a fala tiña funciós outras na relación entre as xentes. Namentras, fora daquel oasis, nas ruas atafegas de tráfago, o trepidante ritmo agresivo da vida diaria segue, e nos fogares alleos á cultura as pantallas da televisión multiplican con telefilmes americanos o absurdo stress do infeliz pluriempregado.

Carballo Calero é un tipo incomprendido e inxustamente tratado. A incorruptibilidade ou tal vez o indómito amor pola cultura da patria amedoñan aos que mandan, que optan por darlle a outro as hornas que a el por merecimentos estaban destinadas.

Lobo senlleiro, ignorado longamente pola estúpida Administración, como se así poidera anular talentos e afans, foi director do Colexio Fingoi de Lugo e profesor de Literatura Española de Bachillerato, cando o lugar natural de seu era a Cátedra de Galego na Universidade de Galicia para o que foi chamado tardeiramente i en precario.

Pobos sabios houbo no decorrer dos séculos que prudentemente veneraron aos seus sabios. Posuiron por elo a serena felicidade que irradia de comprensión e amor. Non sucede así co noso, onde mediocridade i envexa son raiñas dun fato de idiotas que se disputan as arroubadoras glorias mundanas do efímero e banal poder figurar.

Hoxe Carballo Calero, grave, serio e sempre entrañabel, está xubilado pola Administración que sempre o aldraxou. Non o imaxinemos, pero, nun dourado e dolce far niente de retirado standard. Un bon día o incansabel loitador sedentario, inchando o peito, lanza un berro de guerra, e poñéndose ao frente dun exército de entusiastas secuaces emprende a tarefa da reforma da lingua anquilosada por tantos anos de desamor e descuido. I enfrentándose contra vento e marea, o ilustre xubilado vai anonimamente ganando batallas até o punto de que os recalcitrantes coma min ruborízanse de escribir "plurales" por respeto ao mestre venerabel.

Pequeno de tamaño pero grande de ánimo, Carballo Calero é un estoico de humor acedo e sorriso ausente. Ninguén puido endexamais mudar o lenzo branco e azul do seu leito. Nada conseguiu distraelo do camiño marcado polas fadas do Destino.

Aló polo 1910, nun fogar feliz do Ferrol viña de nascer un fermoso neno. A fada ruín que non tiña sido convidada ao xubiloso acontecemento presentouse de súpeto aos pes do berce. E sinalando ao recén cun dedo osudo de afiada unlla, nun sorriso preñado de maldade, cuspiu entre dentes a sua malaventura:
"Reinar has despois de morrer".

retratos

Carballo Calero

M. TERESA OTERO SANDE

Carballo Calero é un pacífico cruzado da Cultura Galega, pequeno de tamaño pero grande de ánimo, que vai polos mundos explicando aos catro ventos a verdade.

A sua causa non sempre foi comprendida. Por ela sufriu pesecución pola xusticia, i en estúpida conxura de nescios foi ignorado e menospreciado. Pero él non vacilou. Parapetado tras da cátedra seguiu arborando bravamente a bandeira de Galicia, desaparecido para sempre o sorriso do seu rostro ante semellante arbitrariedade.

Aló polo 1910, as fadas acudiron ao seu berce de lenzo fino bordado en branco e azul.

–" Ser has laico sacerdote- dixeron nun murmurio-. A misión que te asignamos é a de ensinar a quen non sabe. A tu, ser ha, voz de poeta".

Tan clara misión recibida, escomenzou pacientemente a tarefa endexamais interrumpida.

Para cumplir co destino que lle tiña sido encomendado colouse na primeira biblioteca que atopou, da que non saiu hastra que todos os libros que contiña pasaron ao seu maxín. Visitou outra despois, e outra máis, até que xa non quedaron bibliotecas. Foi entón cando, facendo aceno de esclarexar a gorxa, catapultouse na tribuna dos oradores e rompeu a falar. E un regueiro de xentes encamiñouse aló de todas partes para oilo.

Escoitando a Don Ricardo o onte faisa hoxe. Unha calquera das suas conferencias é a recuperación en tempo lento do sosego e da serenidade dos ancestros, perdidos no longo da memoria e xenerosamente oferecidos co gosto antigo do viño vello. A maxia do falar pausado e cadencioso e a rexa personalidade de vello sabio convirten o acto en ceremonia ritual de reencontro coa historia.

Os que teñen a fortuna de escoitar a Don Ricardo permanecen en embelesado silencio presos do seu verbo, esquencidas robótica e informática, enfeitizados polo anacronismo revitalizador dun tempo no que a fala tiña funciós outras na relación entre as xentes. Namentras, fora daquel oasis, nas ruas atafegas de tráfago, o trepidante ritmo agresivo da vida diaria segue, e nos fogares alleos á cultura as pantallas da televisión multiplican con telefilmes americanos o absurdo stress do infeliz pluriempregado.

Carballo Calero é un tipo incomprendido e inxustamente tratado. A incorruptibilidade ou tal vez o indómito amor pola cultura da patria amedoñan aos que mandan, que optan por darlle a outro as hornas que a el por merecimentos estaban destinadas.

Lobo senlleiro, ignorado longamente pola estúpida Administración, como se así poidera anular talentos e afans, foi director do Colexio Fingoi de Lugo e profesor de Literatura Española de Bachillerato, cando o lugar natural de seu era a Cátedra de Galego na Universidade de Galicia para o que foi chamado tardeiramente i en precario.

Pobos sabios houbo no decorrer dos séculos que prudentemente veneraron aos seus sabios. Posuiron por elo a serena felicidade que irradia de comprensión e amor. Non sucede así co noso, onde mediocridade i envexa son raiñas dun fato de idiotas que se disputan as arroubadoras glorias mundanas do efímero e banal poder figurar.

Hoxe Carballo Calero, grave, serio e sempre entrañabel, está xubilado pola Administración que sempre o aldraxou. Non o imaxinemos, pero, nun dourado e dolce far niente de retirado standard. Un bon día o incansabel loitador sedentario, inchando o peito, lanza un berro de guerra, e poñéndose ao frente dun exército de entusiastas secuaces emprende a tarefa da reforma da lingua anquilosada por tantos anos de desamor e descuido. I enfrentándose contra vento e marea, o ilustre xubilado vai anonimamente ganando batallas até o punto de que os recalcitrantes coma min ruborízanse de escribir "plurales" por respeto ao mestre venerabel.

Pequeno de tamaño pero grande de ánimo, Carballo Calero é un estoico de humor acedo e sorriso ausente. Ninguén puido endexamais mudar o lenzo branco e azul do seu leito. Nada conseguiu distraelo do camiño marcado polas fadas do Destino.

Alo polo 1910, nun fogar feliz do Ferrol viña de nascer un fermoso neno. A fada ruín que non tiña sido convidada ao xubiloso acontecemento presentouse de súpeto aos pes do berce. E sinalando ao recén cun dedo osudo de afiada unlla, nun sorriso preñado de maldade, cuspiu entre dentes a sua malaventura:
"Reinar has despois de morrer".